


RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS DE POESÍA, RELATO CURTO E TRADUCIÓN LITERARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, convoca os Premios de poesía, relato curto e tradución literaria para o ano 2016.

Esta convocatoria realízase ao abeiro do convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a promoción da lingua galega, de acordo coas seguintes

BASES



1.º As modalidades que conforman os premios da convocatoria deste ano son as seguintes: poesía, narrativa curta e tradución literaria.

2.º Poderán participar todos os membros da Universidade de Vigo. Porén, non poderá intervir na modalidade de tradución literaria o profesorado que imparta docencia da titulación de Tradución e Interpretación ou de calquera das filoloxías.

Os orixinais deberán estar escritos en lingua galega de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG 2003).

3.º Establécese un primeiro premio de 700 € e dous accésits de 250 € (contías ás que lles aplicarán as retencións legalmente establecidas) para cada unha das modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria, que se lles outorgarán aos mellores traballos orixinais de cada modalidade. Todos eles poderán ser declarados desertos a xuízo do xurado.

O importe global do conxunto dos premios será de 3600 euros para este ano, achegado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e incorporado á partida 2016 0000 421SNLI 48499 de Normalización Lingüística.

4.º Os orixinais presentados nesta convocatoria deberán ser inéditos e non premiados noutro certame no momento da decisión do xurado. Os autores/as deberán aterse ás seguintes normas para realizar e presentar os orixinais:

- Nas modalidades de **poesía e de relato curto**, debe tratarse de traballos orixinais non publicados nin premiados en ningún outro certame. O tema será libre e as autoras e autores deberán axustarse á seguinte extensión:
 - Poesía: mínimo de 100 versos e máximo de 150
 - Relato curto: mínimo de 8 folios e máximo de 12
- Na modalidade de **tradución literaria**, o texto fonte será un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de 8 páxinas e un máximo de 20.

5.º Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo, con letra Times New Roman e corpo 12 nun sobre pechado que se identificará co lema elixido polo autor/a. Así mesmo, xunto cos traballos, incluírase outro sobre pechado identificado co devandito lema, alcume ou pseudónimo (que o xurado abrirá unicamente no caso de ser premiado) onde figurará o lema elixido polo autor/a e os seus datos persoais (nome, apelido, teléfono de contacto e enderezo electrónico).

Ademais, no caso dos traballos presentados na modalidade de tradución literaria, os autores/as deberán presentar en folla á parte a seguinte información: o autor/a, título e cinco copias impresas do texto fonte, a lingua de publicación e os datos de edición da obra (ano e lugar de publicación e editorial).

6.º A entrega dos traballos, dirixidos á Área de Normalización Lingüística, farase baixo lema (alcume ou pseudónimo) en calquera dos rexistros da Universidade (edificios administrativos dos campus de Vigo e de Ourense, respectivamente, e Escola de Enxeñaría Forestal, no Campus de Pontevedra), ademais do rexistro auxiliar de Vigo (edificio anexo EUET Industrial, EUE Empresariais (rúa de Torrecedeira).

O prazo de admisión de orixinais pechará ás 14.00 horas do 31 de marzo de 2016.

7.º Os traballos premiados serán propiedade dos autores/as respectivos, agás a primeira edición, que publicará a Universidade de Vigo. En posteriores edicións, se as houberse, deberá constar a súa condición de Premio Universidade de Vigo.

8.º O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, estará integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos da creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución.

A decisión será inapelable e a entrega dos devanditos premios terá lugar no acto institucional da Universidade de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas de 2016.

9.º Os orixinais non premiados non se lles devolverán aos autores/as nin se manterá correspondencia sobre eles. Serán destruídos pasados dez días da resolución da convocatoria.

10.º A interpretación destas bases corresponderalle exclusivamente ao xurado. O feito de presentaren as súas obras supón a conformidade dos/as concorrentes con elas.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data nos rexistros desta universidade.

Vigo, 23 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Estevez Caamaño

Xefa da secretaria do reitor

